

da vía; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Artigo 4º

A entrega da vía formalizarase, durante os dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Disposición derradeira

Este decreto terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e nove de decembro de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Decreto 591/2005, do 29 de decembro, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción nova conexión da N-120 en Mos coa PO-331 no Porriño. (Clave: PO/02/008.01).

Con data do 12 de novembro de 2004, o director xeral de Obras Públicas, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, aprobou o proxecto de construción nova conexión da N-120 en Mos coa PO-331 no Porriño. Clave: PO/02/008.01.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguridade vial, toda vez que a variante de poboación ten como obxectivo evitar o paso de vehículos de mercadorías perigosas así como o exceso de tráfico pesado e lixeiro que se xera na autovía, polo centro do Porriño.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo da deliberación do

Consello da Xunta na súa reunión do día vinte e nove de decembro de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo ins-truído, para efectos de expropiación no proxecto de construción nova conexión da N-120 en Mos coa PO-331 no Porriño. Clave: PO/02/008.01.

Santiago de Compostela, vinte e nove de decembro de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 30 de decembro de 2005 pola que se establecen axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2006, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 31, establece a competencia plena para o regulamento e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, establece no seu artigo 52.1º que a educación permanente ten como obxectivo ofrecer a todos os cidadáns a posibilidade de formarse ao longo de toda a vida, coa finalidade de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades e coñecemento para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Así mesmo, no seu artigo 52.3º contempla que as administracións públicas atenderán preferentemente a aquelas persoas que, por diferentes razóns, non puidesen completar a ensinanza básica.

A Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos establece no seu artigo 5, entre outras actuacións e programas de acción, a de promover a colaboración das institucións culturais, profesionais, sindicais, empresariais e universitarias.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece no artigo 21 que a administración educativa promoverá a colaboración das institucións culturais, profesionais, sindicais, entidades e empresas públicas e privadas que leven actividades paralelas ou estean dispostas a emprendelas co fin

de potenciar aquelas accións conducentes a un mellor desenvolvemento persoal e profesional das persoas adultas e moi especialmente das máis desfavorecidas ou carentes de titulación básica, sobre todo daquelas que por razóns de traballo ou de residencia non poden continuar nos centros ordinarios.

Á vista dos resultados das convocatorias anteriores, procede continuar co apoio a este tipo de accións, así como iniciar novos proxectos que lles proporcionen aos cidadáns unha formación básica e profesional que lles permita incorporarse á vida activa, promocionarse profesionalmente ou proseguir os seus estudos.

As accións de formación que teñen por finalidade alcanzar unha cualificación acorde coas necesidades tecnolóxicas e a evolución do mercado de traballo encádranse dentro das accións de formación profesional para o período 2000/2006, susceptibles de ser cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Entre as accións que se van desenvolver inclúense as actividades orientadas aos programas de garantía social para alumnos que non conseguisen os obxectivos básicos unha vez rematado o ensino obrigatorio e que lles permitan incorporarse á vida activa, ou outras ofertas educativas para a obtención do título de graduado en educación secundaria.

Por todo isto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Establécense axudas para o desenvolvemento de actividades que teñan como obxectivo alfabetizar ou elevar o nivel de formación básica e cualificación profesional da poboación adulta, que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2006, e cuxa duración non sexa inferior a seis meses e 240 horas. Ademais, a cantidade máxima solicitada por actividade de 360 horas e 9 meses non excederá de 6.000 euros.

Segundo.-A esta convocatoria poderán concorrer as corporacións locais e as institucións privadas sen ánimo de lucro legalmente constituídas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.-O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo aos conceptos orzamentarios 09.03.322S.460.0 e 09.03.322S.480.0 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, ata un total de 466.160 euros. Deste importe un 65% corresponde a fondos da Unión Europea (FSE) e o 35% restante a fondos da comunidade autónoma.

O gasto que se proxecta está condicionado á existencia do crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio do ano 2006. Esta orde tramítase ao abeiro da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG do 19 de febreiro), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 (DOG do 29 de novembro) e do 25 de outubro de 2004 (DOG do 29 de outubro).

O importe das axudas concedidas en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras

administracións ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

Cuarto.-Para a concesión da axuda será requisito indispensable contar cun mínimo de 15 alumnos por actividade no momento do inicio e da realización destas. Non obstante, cando existan razóns que o xustifiquen, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá autorizar excepcionalmente outros mínimos do sinalado anteriormente naquelas localidades con pouca poboación e que non teñan oferta educativa dirixida ás persoas adultas.

Quinto.-As solicitudes serán presentadas polo titular ou representante legal da entidade solicitante, por duplicado, no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, s/n, ou nos lugares que determina o artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de corenta días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto.-As solicitudes axustaranse ao modelo establecido no anexo I e irán xunto cun proxecto e orzamento de cada actividade, tamén por duplicado, conforme o anexo II.

Así mesmo, xuntarán á documentación sinalada:

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

-Certificación bancaria da conta corrente a nome da entidade local, e, se é o caso, do titular ou representante legal da institución privada solicitante, na que desexe que se lle ingrese o importe da subvención.

-Listaxe de alumnos por actividade e fotocopia do DNI.

Sétimo.-Os datos que se presenten coa solicitude serán tidos en conta para a súa valoración e pagamento das axudas, e polo tanto, exixirase o seu cumprimento sempre e cando non haxa comunicación da súa variación á dirección xeral.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na documentación que se xunta á solicitude deberá ser comunicada polo solicitante á devandita dirección xeral para que se resolva o que proceda.

A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispoñer que se leven a efecto as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Oitavo.-Baixo a presidencia do director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais constituirase unha comisión de selección encargada de valorar as solicitudes presentadas.

A dita comisión estará integrada por:

-O subdirector xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.

-Catro inspectores correspondentes aos servizos provinciais da Inspección Educativa.

-Dous funcionarios da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, un deles actuará como secretario con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos proxectos presentados.

Os membros da comisión poderán percibir axudas de custo por asistencias e axudas para gastos e locomoción por concorreren ás sesións conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Noveno.-A comisión de selección elaborará a proposta de adxudicación das subvencións e elevaraa á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá o que proceda.

Contra esta resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

As solicitudes entenderanse denegadas de non ditarse resolución expresa no prazo de catro meses contados desde a publicación desta orde.

A selección e contía das axudas estableceranse de acordo coas seguintes prioridades:

A) Con carácter xeral terán prioridade as actividades que:

* Se realicen en concellos ou comarcas nas que non exista unha oferta formativa de educación de persoas adultas.

* Sexan continuidade de actividades que xa se viñan realizando en cursos pasados, sempre que a dita continuidade se xustifique.

B) Con carácter particular:

* Actividades dirixidas a persoas adultas que non dominan as técnicas instrumentais elementais, será o seu obxectivo dotalos dos coñecementos, destrezas, habilidades e técnicas imprescindibles que lles faciliten a súa promoción persoal, social e laboral, así como a continuidade noutros procesos formativos. Estas ensinanzas estrutúranse en dous niveis (nivel I e II) en función das características e necesidades das persoas que as cursarán e están reguladas na Orde do 26 de maio de 1997 (DOG do 15 de xullo).

* Preparación para a obtención do título de graduado en educación secundaria mediante a presentación ás probas extraordinarias que convoca anualmente a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais nos meses de xuño e setembro.

* Programas de iniciación profesional como parte integrante da estrutura dun programa de garantía social.

* Preparación de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio.

Sen prexuízo do anterior, terase en conta, ademais dos obxectivos dos proxectos e orzamentos dispoñibles, a rendibilidade das accións.

Décimo.-Unha vez aprobada a axuda, enviarase, á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a programación das actividades que se pretenden realizar na que se reflectan: obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía, avaliación, criterios de avaliación, etc., para a súa posterior supervisión.

Décimo orimeiro.-As axudas concedidas en cada caso irán destinadas fundamentalmente a sufragar os gastos de persoal, que como mínimo alcanzarán o 75% do importe total da axuda concedida, e os gastos de funcionamento xerados polo proxecto, que non superarán o 25% do importe total da subvención. Deste 25% permitido para gastos de funcionamento, arbitrase a distribución de gastos de forma que un 20% teña a finalidade de gastos de materiais didácticos (textos e materiais dun só uso e materiais funxibles) e un 5% para outros gastos.

As axudas serán aboadas, unha vez finalizada a actividade, no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e das demais condicións para a que foi concedida, de acordo co establecido no artigo 15.1º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Xuntarase certificación de percibir ou non outras axudas e subvencións para a finalidade subvencionada, segundo o disposto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e certificación de que se cumpriron as actividades e se realizaron os investimentos para os que se concedeu a axuda. A devandita xustificación farase de acordo coas instrucións que para o efecto dite a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que serán postas en coñecemento dos interesados na mesma data en que se lles comunique a súa concesión. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Para aquelas que non superen o importe de 6.000 euros poderá acordarse, no momento da concesión, un anticipo de pagamento de ata un 80%, e aquelas que superen os 6.000 euros poderá percibir ata un 10%, previa aceptación da subvención e certificación por parte da entidade de ter comezadas todas as actividades. Así mesmo, xuntarase por parte das entidades solicitantes, copia da convocatoria de actividades mediante algún dos seguintes sistemas: a través de medios de comunicación, folletos infor-

mativos, carteis, bandos, etc., e relación nominal dos alumnos matriculados co seu DNI.

O 20% ou 90% restante, segundo o caso, librarase unha vez finalizada e xustificada a actividade.

Décimo segundo.-As entidades que obteñan axudas no marco desta convocatoria comprométese a :

-Facer publicidade da convocatoria mediante cartel, bando, medio de comunicación, etc. Nela deberá figurar o anagrama da Unión Europea e da Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Informar os asistentes ás actividades de que están financiadas nun 65% pola Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo.

-Gratuidade das actividades.

-Xestión directa do proxecto subvencionado (non se admitirán convenios ou subcontratas do profesorado, nin cesión da xestión a axencias).

-Remitir, xunto coa memoria final, unha relación nominal de asistentes onde figure nome e apelidos, número do DNI, data de nacemento, enderezo, teléfono e estudos cursados.

-Xuntar copia dos contratos do persoal laboral contratado pola entidade para impartir as ensinanzas obxecto da subvención. O contrato ha de estar visado pola oficina pública de emprego. O profesorado contratado terá a titulación requirida pola normativa vixente para impartir as ensinanzas.

-En xeral, ao cumprimento do que establece a presente orde e a normativa laboral que lle sexa de aplicación.

-Establecer un rexistro de solicitudes de alumnos que queren facer o curso.

-Establecer un rexistro de asistencia.

-Comunicarlle o número real de participantes e as baixas e as altas que se produzan.

-Realizar unha ficha de avaliación inicial de cada alumno.

-Abrir un rexistro de avaliación de cada alumno conservando as probas escritas e os traballos realizados.

-Comunicarlle ao interesado os resultados das avaliacións realizadas mediante un boletín de cualificacións, no que deberá figurar o anagrama da Unión Europea -Fondo Social Europeo.

-Facilitar a programación de aula do profesor e criterios de avaliación empregados.

-Ceder cantos documentos e materiais deriven do proxecto para a súa publicación.

-Facilitar toda a información demande a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

-Facilitar toda a información que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Décimo terceiro.-Como remate de todo o proceso, as entidades subvencionadas quedan obrigadas a presentar, no transcurso dos quince días posteriores á finalización da execución do proxecto, unha memoria detallada do seu desenvolvemento, que poderá servir como documento de difusión e debate. En todo caso deberán organizarse as actividades co obxecto de poder presentar no seu momento e, sempre antes do 15 de outubro de 2006, a memoria e a xustificación de gastos. A non presentación da memoria no prazo establecido poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da axuda.

Décimo cuarto.-Na publicidade e propaganda de todas as accións formativas que se soliciten ao amparo desta orde, así como na súa convocatoria pública e nos lugares onde se realicen as referidas accións, deberá figurar que estas están cofinanciadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e o Fondo Social Europeo, ambas as denominacións cos seus respectivos logotipos.

Décimo quinto.-A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais realizará o seguimento dos proxectos subvencionados a través dos servizos provinciais da Inspección Educativa. Para facer o seguimento a Inspección Educativa realizará as visitas que considere necesarias (será preceptivo realizar dúas como mínimo). Nas visitas comprobarase que o desenvolvemento das actividades se axusta á programación subvencionada e unha vez finalizado o seguimento, elaborárase un informe que servirá para a posterior avaliación de todas e cada unha das actividades.

Décimo sexto.-Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención percibida e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos a que fai referencia o artigo 19 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro. O procedemento de reintegro farase de acordo co artigo 20 do mencionado decreto.

Décimo sétimo.-Facúltase expresamente a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Décimo oitavo.-Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), de aplicación xeral de subvencións, e ás do seu desenvolvemento, igualmente élle de aplicación o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coas modificacións aprobadas na Lei 14/2004, do 29 de decembro. O Decreto 287/2000, do 21 de novembro, será de aplicación en todo aquilo que non se opoña aos preceptos legais citados.

Décimo noveno.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2005.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FONDO SOCIAL
EUROPEO
2000-2006



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ALFABETIZACIÓN E FORMACIÓN DE ADULTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED508A	DOCUMENTO SOLICITUDE
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE

ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	FAX	TELÉFONO

E na súa representación:

DON / DONA		DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS PARA O INGRESO DA AXUDA

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DO BANCO	ENDEREZO (RUA E NÚMERO)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

Coñecendo a convocatoria de subvencións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a realización de actividades de alfabetización e formación básica de adultos da Comunidade Autónoma segundo a Orde do _____,

SOLICITA:

Subvención polo importe total de _____ euros,
que aplicará no desenvolvemento do proxecto presentado nos conceptos sinalados nel.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de decembro de 2005 pola que se establecen axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2006, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Conseleira de Educación e Ordenación Universitaria.

ANEXO II

MODELO DO PROXECTO

NOME DA ENTIDADE SOLICITANTE

DATOS DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA NO ANO ANTERIOR

TIPO DE ACTIVIDADE	Nº DE GRUPOS	Nº ALUMNOS INICIAIS	RATIO MESTRE / ALUMNO	Nº DE ALUMNOS QUE ABANDONARON A ACTIVIDADE	Nº PROPOSTO PARA PROBA	Nº DE APROBADOS	DURACIÓN (DATA DE INICIO E REMATE)
ALFABETIZACIÓN							
GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA							
PROBAS ACCESO CICLOS GRAO MEDIO							
INICIACIÓN PROFESIONAL							
OUTRAS							

ACTIVIDADE QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O ANO 2006

1.- Deseño do proxecto:

a) Tipo do proxecto:

- Nivel I (alfabetización).
- Nivel II (6º de EXB ou 6º de primaria. Permite o acceso á educación secundaria).
- Preparación de probas de graduado en educación secundaria.
- Preparación para as probas de acceso a ciclos formativos de grao medio.
- Iniciación profesional.
- Outras.

b) Poboación á que vai dirixido, con matización, a ser posible, da situación socioeconómica e educativa.

c) Breve descrición do proxecto que se vai desenvolver con referencia dos propósitos, actividades, etc.

d) Sede do centro ou local no que se vai desenvolver a actividade con indicación do seu enderezo completo e o seu teléfono, se é o caso.

e) Temporalización:

TIPO DE ACTIVIDADE	DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE	DATA DE REMATE DA ACTIVIDADE	HORAS / SEMANA	DURACIÓN TOTAL DA ACTIVIDADE
				HORAS: _____ MESES: _____

f) Profesorado contratado que vai impartir as actividades con indicación da titulación que posúe:

ACTIVIDADE	NOME DO MESTRE/A	TITULACIÓN
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

(No caso de non ter contratado aínda o profesorado, farase mención do número de mestres que se necesitarán coa titulación que se requira)

2.- Recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto:

- a) De persoal (nº profesores ...)
- b) De funcionamento
- c) Orzamento:
 - De persoal.
 - De funcionamento.
 - Total

3.- Recursos que achega a entidade, se é o caso:

- a) De persoal.
- b) De funcionamento.
- c) Total.

4.- Subvención solicitada (diferenza entre o número 2.c) e 3.c) deste anexo)

NOTA: No caso de realizar máis dunha actividade cubrirense os números 1, 2 e 3 para cada unha delas, podendo realizar unha soa táboa para os números 1.e) (temporalización) e 1.f) (relación do profesorado contratado).

Orde do 2 de xaneiro de 2006 pola que se convocan axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.

A aprendizaxe das linguas estranxeiras é unha das necesidades que máis se manifesta desde todos os ámbitos sociais. Esta necesidade vai profundamente ligada ao progreso científico e tecnolóxico. As industrias e os especialistas constitúen redes de comunicación que ignoran as fronteiras lingüísticas e nacionais. Así, o aumento das relacións internacionais, a mobilidade laboral e a circulación das ideas e da información están provocando unha forte demanda social en favor da aprendizaxe das linguas estranxeiras, de tal xeito que o número de linguas que os cidadáns dun determinado país dominan constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento. Por outra parte, a mellor protección contra todas as formas de racismo e de xenofobia lógrase mediante o coñecemento e a experiencia directa da realidade doutros países e mediante a mellora das capacidades de comunicación.

Por todo isto, o Comité de Ministros do Consello de Europa advirte dos perigos que poden derivarse da marxinación das persoas que non posúan as competencias necesarias para comunicarse nunha Europa interactiva.

En consecuencia, a necesidade de mobilidade laboral e de acceso á información, así como a importancia da tolerancia e da comprensión mutuas fan das capacidades reais de comunicarse sen fronteiras lingüísticas un elemento indispensable da formación de todo cidadán. Por iso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria iniciou no curso 1999/2000 un plan de potenciación da aprendizaxe das linguas estranxeiras nos colexios de educación infantil e primaria e nos institutos de educación secundaria.

A experiencia demostra que a estadia nos países dos que se estuda a lingua constitúe un medio moi eficaz de progreso na adquisición desa lingua e da súa cultura.

Dado que a colaboración con centros educativos doutros países resulta fundamental para facilitar o desenvolvemento de capacidades do alumnado a nivel lingüístico e profesional e que as axudas económicas procedentes de programas da Unión Europea resultan insuficientes para atender a forte demanda dos centros da nosa comunidade autónoma, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca axudas para a realización de intercambios e estadias co fin de posibilitar que, tanto os centros de educación primaria como os de educación secundaria e os que imparten ensinanzas de réxime especial, poidan organizar programas de inmersión, máis breves no caso da educación primaria, para que ao longo da súa escolaridade o alumnado chegue a alcanzar un nivel de competencia comunicativa adecuado en varias linguas.

En consecuencia co anteriormente exposto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Obxecto da convocatoria.

Convócanse axudas dirixidas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidos con fondos públicos, que participen en estadias e intercambios de alumnos con centros educativos doutros países, para a aprendizaxe activa de linguas durante o período do 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2006.

As axudas concederanse con cargo á partida orzamentaria 09.03.322T.480.0 por un importe total máximo de 483.000 euros. O gasto que se proxecta está condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio do ano 2006, en trámite parlamentario.

Esta orde tramítase o abeiro da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

Segundo.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar estas axudas os alumnos, agás os de educación infantil, e profesores dos centros que se indican a continuación, agás os de educación infantil: colexios de educación infantil e primaria; colexios de educación primaria; centros públicos integrados; institutos de educación secundaria; escolas oficiais de idiomas; conservatorios de música e danza; escolas de artes, centros privados concertados e centros de educación permanente de adultos.

2. Os solicitantes das axudas de intercambios de profesores reguladas no punto terceiro do artigo terceiro desta orde deberán estar en situación de servizo activo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na actualidade e durante o curso para o que se solicita a actividade así como ter tres anos de antigüidade como funcionario de carreira nos corpos de primaria, de secundaria, de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de catedráticos de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño, de catedráticos de artes plásticas e deseño ou profesores técnicos de formación profesional.

Terceiro.-Modalidades das axudas.

1. Visitas preparatorias do profesorado responsable da estadia de alumnos no centro receptor doutro país, co obxecto de facilitar os acordos de colaboración entre os centros e a preparación axeitada do proxecto.

2. Visitas de estudo do profesorado responsable de proxectos co fin de garantir a continuidade do mesmo.

3. Intercambios de profesores co obxecto de mellorar o coñecemento dunha lingua estranxeira impartindo a materia da súa especialidade. Os solicitantes galegos compartirán, de xeito consecutivo, o seu posto cun docente estranxeiro.

4. Proxectos de aprendizaxe activa de linguas a través de estadias de alumnos en centros educativos estranxeiros, intercambios bilaterais centro a centro